



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E XENÉTICA FONTAO, SA PARA CONTINUAR CO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE MELLORA XENÉTICA DO GANDO FRISÓN DE GALICIA NO PERÍODO 2023-2026

Esta consellería do Medio Rural é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e control da produción gandeira, así como na elaboración e execución dos programas de mellora xenética do gando, tal como se recolle no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos continuar co desenvolvemento do Programa de mellora xenética da Raza Frisona de Galicia, de cara a mellorar a rendibilidade das explotacións leiteiras e a profesionalización do sector leiteiro galego.

Antecedentes

A selección xenética da raza Frisona vai parella ao desenvolvemento do sector lácteo de Galicia, onde ten unha transcendencia fundamental e conta cunha gran repercusión social e económica. Con tal motivo, dende fai varios anos se ven desenvolvendo o "Programa de mellora xenética do Frisón de Galicia", xa que practicamente toda a produción láctea galega provén de animais desta raza.

O "Programa de mellora xenética do frisón de Galicia", implantouse para complementar o programa nacional e adaptar o seu esquema de selección xeral ás condicións particulares de Galicia, e ao mesmo tempo poñer a disposición dos





gandeiros galegos mecanismos que lles permitan acadar unha selección máis eficiente dos animais cos que contan, reducindo a crónica dependencia exterior en canto a material xenético.

As tendencias no sector evolucionan cara á redución do número de explotacións leiteiras, mentres que as que se manteñen se profesionalizan e acadan ratios de produtividade, excelencia sanitaria e de manexo comparables cos mellores estándares europeos. Malia todo, a complexidade do mercado global caracterizado pola volatilidade de prezos, dificulta a viabilidade das explotacións gandeiras, que precisan de vías alternativas de negocio que complementen a súa rendibilidade. Por tanto, os novos escenarios produtivos orientados a explotacións máis dimensionadas e tecnificadas traen consigo a modificacións nos criterios de selección.

Con tal motivo, cómpre revisar e actualizar o Programa de selección e mellora xenética do frisón de Galicia para o período 2023-2026, mantendo os seus puntos básicos e introducindo os axustes necesarios para adaptarse ás novas variables da situación actual.

Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar con Xenética Fontao o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do mesmo ata o 1 de decembro de 2026.

O convenio ten por obxecto establecer as condicións das actuacións realizadas por Xenética Fontao, SA para continuar co desenvolvemento do Programa de mellora xenética da Raza Frisoa de Galicia.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:





Os programas de mellora e selección de gando son imprescindibles para unha gandería moderna, eficiente e competitiva. O actual Programa de Mellora Xenética de Galicia resulta da revisión e actualización dos anteriores, salvagardando os seus aspectos básicos e introducindo os axustes necesarios para adaptarse á evolución científica e aos cambios socioeconómicos do sector leiteiro galego.

Este convenio ten un gran interese para esta Administración Pública, porque habilita medios dos que carece a nosa consellería e permite obter grandes beneficios para o sector lácteo galego a un custo axeitado. Os beneficiarios últimos das actuacións financiadas con este convenio son fundamentalmente os gandeiros que participan no Programa de mellora xenética da raza frisona de Galicia a través do control oficial de rendemento leiteiro.

Estas actuacións contribúen a mellorar a rendibilidade das explotacións leiteiras e á profesionalización do sector, xa que permiten aos gandeiros galegos acceder a material xenético alta calidade en condicións económicas moi vantaxosas así como acceder de primeira man ás innovacións tecnolóxicas no campo da selección animal. Neste sentido, no novo convenio inclúense obrigas adicionais que redundan nun maior beneficio para os gandeiros. O número de gandeiros beneficiados de forma directa estímase en máis de 2.200, a relevancia deste proxecto é tal que aproximadamente o 65% da produción do leite galego provén de gandeiros directamente implicados no Programa.

Hai que engadir ademais, que os logros acadados en canto a avances xenéticos co programa galego de mellora xenética repercuten tamén no resto dos gandeiros galegos en xeral, non só nos que participan no control leiteiro oficial, polo que se amplifican os beneficios obtidos a partir deste convenio.

Se ben o obxecto do convenio se axusta perfectamente aos fins de Xenética Fontao, SA, as actuacións que este recolle non están dentro das actividades ordinarias da empresa. O convenio obriga a Xenética Fontao a empregar infraestruturas, medios tecnolóxicos e de persoal por riba do seu funcionamento normal. As achegas a realizar pola Consellería de Medio Rural a Xenética Fontao, SA destinaranse exclusivamente ao desenvolvemento do Programa de mellora xenética da Raza





Frisoa de Galicia co alcance establecido na cláusula primeira do convenio, sen que en ningún caso poidan adicarse a financiar global ou parcialmente a actividade da sociedade con carácter indiferenciado. Polo tanto, aínda sendo Xenética Fontao, SA unha sociedade mercantil pública autonómica, ditas achegas non constitúen transferencias de financiamento se non unha subvención directa.

Por outro lado, o procedemento ordinario de concorrência pública na concesión de subvencións resulta improcedente, por canto para o ano 2023, a subvención está prevista de xeito nominativo nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para este exercicio. Para os anos 2024, 2025 e 2026, considerase motivada a concesión directa por acreditarse razóns de interese público, social e económico que dificultan a súa convocatoria pública. Así a entidade destinataria resulta imprescindible para a xestión do programa polas seguintes razóns:

1. Xenética Fontao, SA é a única entidade de Galicia rexistrada como membro institucional da I.S.A.G., co código laboratorial E/X (84434). Ademais, é a única entidade de Galicia con capacidade para producir e achegar doses seminais de alto mérito xenético a todas as ganderías galegas.
2. É o único centro en Galicia especializado na mellora e selección de gando frisón, sendo ademais o de maior capacidade en todo o estado, xa que aparte da súa capacidade, instalacións, dotación material e humana, conta cun laboratorio de xenética molecular que permite aplicar ás innovacións tecnolóxicas para lograr grandes avances no campo da mellora animal. Este centro está ademais na vangarda das innovacións tecnolóxicas no campo da mellora animal.
3. Conta cunha ampla traxectoria neste campo, e ven colaborando coa Consellería do Medio Rural na modernización do sector leiteiro galego dende que se puxera en marcha o Plan Integral de Mellora Xenética (anos 1990 - 2000), e posteriormente nos sucesivos programas de Mellora Gandeira (ano 2001 ata a actualidade). Ademais, é a entidade xestora do centro de sementais da raza frisoa en Galicia.





4. Xenética Fontao S.A é protagonista fundamental na mellora gandeira de Galicia en xeral, e por tanto na mellora da cabana de vacún de leite, a través da xestión do centro de selección e reprodución animal de Galicia, a constitución dun banco de xermoplasma, a prestación de servizos de biotecnoloxía molecular, e de innovadores proxectos de I+D+I.

Xa por último, cabe subliñar que desenvolver o programa de mellora xenética a través dunha convocatoria pública de axudas, por exemplo mediante a concesión de subvencións aos gandeiros para mercar o material xenético, non permitiría acadar os obxectivos que se perseguen, a produción dunha xenética galega propia de alta calidade. Mediante o convenio, a través dos acordos coas ganderías colaboradoras, conséguese a implicación e participación directa dos gandeiros no programa, e de feito unha boa parte da xenética utilizada procede de explotacións galegas, o cal se traduce nun proceso de retroalimentación moi oportuno para valorizar a cabana galega de gando Frisión.

Xenética Fontao cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiaria, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspöñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Financiamento





A Consellería do Medio Rural financiará as actividades a desenvolver por Xenética Fontao no marco do Programa de mellora xenética do gando frisón de Galicia para o período 2023-2026. A axuda máxima estará limitada sobre os gastos subvencionables ata o 70% dos custos derivados da realización de probas destinadas a determinar a calidade xenética, segundo se establece no apartado a, do punto 5 do artigo 27 do Regulamento (UE) 2022/2472 da Comisión, do 14 de decembro de 2022; polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

O importe total do convenio ascende a seiscientos mil euros (600.000,00 €). Trátase dun expediente que polo seu importe e carácter plurianual require autorización previa do Consello de Xunta, de acordo co artigo 37.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O importe económico do convenio distribuirase coa seguinte dotación máxima para cada anualidade:

- Ano 2023: Cento cincuenta mil euros (150.000,00 €). Dispoñibles na aplicación orzamentaria 14.04.713C.441.13, código de proxecto 2011 00929.
- Ano 2024: Cento cincuenta mil euros (150.000,00 €). Dispoñibles na aplicación orzamentaria que corresponda.
- Ano 2025: Cento cincuenta mil euros (150.000,00 €). Dispoñibles na aplicación orzamentaria que corresponda.
- Ano 2026: Cento cincuenta mil euros (150.000,00 €). Dispoñibles na aplicación orzamentaria que corresponda.

Por todo o exposto, solicítase a tramitación do Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e Xenética Fontao, SA para continuar co desenvolvemento do Programa de mellora xenética do gando frisón de Galicia no período 2023-2026.





Santiago de Compostela, á data da sinatura.

O director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

Asinado dixitalmente no lateral.

